



UNIDADE 8

Maneiras de vivir

Remita os estudantes á páxina 65, pídalles que se fixen na imaxe da portadiña e pregúntelles como definirían o lugar que aparece. Se entre as súas suxestións non figura unha **vivenda** ou un **fogar**, menciónleos vostede.

A continuación, pregúntelles que adxectivos empregarían para cualificar esa maneira de vivir e, no caso de que non mencionen **peculiar**, fágao vostede. Logo, interésese por saber que tipo de persoa ou persoas cren que viven aí e por que motivos o fan: **por necesidade** ou **en busca de liberdade, aventura, diversión...**

Por último, preséntelles os obxectivos desta unidade e dígalles cal será a súa tarefa final: deseñar un paraíso onde vivir.



1. O ALEMÁN DE CAMELLE

Falar sobre diferentes estilos de vida. Ler un texto e comentar a información máis sorprendente. Analizar distintas opinións.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado a palabra **natureza** e pregúntelles aos estudantes que lles suxire. Anímeos a que contesten e apunte no encerado as súas achegas, formando unha gran rede de palabras, na cal deberán figurar os termos **fogar** e **arte**. Para xustificar a primeira, pode, por exemplo, recordarlles a imaxe da portadiña desta unidade e, para a segunda, estímúleos para que se expresen sobre a relación entre a natureza e a arte: soportes artísticos, temáticas, significados etc.

PROCEDEMENTOS

A. Recórdelles aos seus alumnos a vivenda da portadiña e pregúntelles se coñecen alguén, directa ou indirectamente, que tamén viva dunha maneira moi particular. Ademais, interétese por saber que factores cren que poden determinar se un estilo de vida é convencional, alternativo ou, inclusive, excéntrico.

Dirixa a atención dos estudantes á mostra de lingua e anímeos a que desenvolvan a actividade en parellas ou en grupos de tres e que comenten os casos que recorden. Pasado un momento, propoña unha posta en común na que cada un lles conte aos demais a información que recolleu do seu compañeiro. Mentres, apunte no encerado as súas achegas en relación cos criterios que seleccionaron para clasificar os diferentes estilos de vida.

B. Agora, preséntelles a Man, o home que aparece na fotografía, e pídalles que intenten adiviñar algúns aspectos do seu particular modo de vida. Logo, convídeos a que lean o texto sobre el, para que comprobren se as súas hipóteses eran acertadas.

Indíquelles que fagan a lectura individualmente e que, despois, comenten en parellas a información que lles pareceu máis sorprendente. Cando remataren, faga unha posta en común para que compartan as súas opinións.

C. Explíquelles aos estudantes que a continuación van ler a opinión de catro persoas sobre Man e a súa forma de vida. Pídalles que anoten no cadro da parte superior se as opinións son negativas ou positivas.

Solución

Positivas: 1, 2 e 4 Negativa: 3

Para rematar, convide os seus alumnos a discutiren sobre as opinións que acaban de ler. Anímeos a que

digán o que pensan sobre cada unha, con cales están de acordo e de cales discrepan, xustificando a súa resposta.

E DESPOIS

Se os seus alumnos mostraron interese pola historia de Man, anímeos a que procuren nun buscador de Internet máis datos sobre este personaxe. Pode, por exemplo, distribuílos en grupos de tres e, logo, pedirlle a cada equipo que consulte sobre calquera dos temas relacionado con el, como poden ser o seu museo, os traballos artísticos que xurdiron a partir da súa historia, as entidades que defenden a súa obra ou outros temas que prefiran.

Se non dispón de conexión á rede ou de tempo para que os seus alumnos desenvolvan a actividade na clase, pode orientalos para que a fagan como tarefa para a casa. Na seguinte sesión, pídalles que compartan cos demais compañeiros toda a información que pescudaron.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 109, exercicios 2 e 3.

2. DIME CON QUEN ANDAS E DIREICHE QUEN ES

Escoitar un programa radiofónico no que tres persoas falan dos colectivos aos que pertencen. Identificarse con algún grupo e xustificalo.

ANTES DE COMEZAR

Lea o título da actividade e pregúntelles aos seus alumnos se coñecen o significado deste refrán popular. Se non o coñecen, anímeos a que fagan suposicións. De non seren galegos, é moi posible que exista unha expresión similar na súa lingua materna, polo que, se o considerar conveniente, pode preguntarlles polas posibles diferenzas de matiz no significado. Por último, interétese por coñecer a súa opinión, preguntándolles: **Estades de acordo coa mensaxe deste dito? Por que?**

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles aos seus alumnos que un determinado estilo de vida moitas veces non é característico dunha única persoa, senón que define un grupo de individuos que comparten os mesmos gustos ou afeccións ou que teñen ideoloxías afíns. Pregúntelles se coñecen colectivos que, coma o alemán de Camelle, teñen unha peculiar maneira de vivir. Despois, convídeos a que, en parellas, conversen sobre eses grupos a partir das seguintes preguntas:

- **A que se dedican cando están xuntos?**
- **Que hai de peculiar no seu estilo de vida?**
- **É posible recoñecelos facilmente na sociedade? Por que (algunha característica, vestimenta...)?**

Ao final, faga unha posta en común e apunte no encerado os colectivos que suxiran e, se o considera conveniente, engada vostede mesmo outros.

B. Agora centre a atención dos estudantes nos debuxos que se ofrecen na actividade e explíquelles que cada un pertence a un colectivo distinto. Anímeos a faceren hipóteses sobre cada un e a comentáreno cun compañeiro. Logo, dígalles que van escoitar un programa de radio titulado *Maneiras de vivir*, no que estas tres persoas falan do grupo ao que pertencen. Explíquelles que escoitarán dúas veces a gravación e, na primeira, terán que relacionar cada intervención co debuxo correspondente, mentres que, na segunda, deberán anotar no seu caderno o nome de cada un dos colectivos e as súas respectivas características. Despois, faga unha posta en común na que se aclaren as respostas.

Solución

1. Escuteristas

Gústanlles as motos escúter, a música mod e viaxar en Vespa por estradas secundarias. Rescatan motos vellas e amáñanas con amigos. Tamén se reúnen as fins de semana e fan entregas de premios.

2. Ciberadictos

Pasan horas navegando na rede, pero non se senten sós porque se comunican a través de foros, chats e correos electrónicos. Baixan e intercambian videoxogos. Non necesitan verse para estaren en contacto, pero tamén se reúnen en tendas de informática, cibercafé, convencións de seguidores de Star Trek ou Star Wars...

3. Nudistas

Pensan que o nudismo é unha forma de vida, que o corpo humano é nobre e que estar completamente nu, en lugares e circunstancias adecuadas, é natural, bonito e auténtico. Gústalles andar pola casa e facelo todo nus, xa que se senten máis cómodos e dálles unha gran sensación de liberdade. Queren conseguir que se lles permita espirse en calquera parte, non só en lugares especiais, como as praias nudistas, que lles fan sentirse coma nun gueto.

Se o desexa, pode aproveitar a actividade para facer un comentario sobre a orixe do movemento mod, a partir da información que lle facilitamos na **ficha 15**.

C. Pregúntelles se se senten identificados con algún dos grupos que se presentaron ata o momento e por que. Logo, pídalles que imaxinen un colectivo novo no que poderían incluírse de acordo cos seus gustos e afeccións e que lle dean un nome. Se lle parece conveniente, comece falando vostede, como por exemplo: **A min encántame facer viaxes longas cunha mochila nas costas e con moi poucos cartos: durmo nos albergues e nos refuxios, fago autostop..., así que son unha mochileira, pertenzo ao colectivo dos mochileiros.**

Déixelles tempo abondo para que o fagan e para que o comenten en parellas. Logo, faga unha rápida posta en común, anotando no encerado os nomes de todos

os colectivos que xurdan e facilitándolles tamén o vocabulario que necesiten: **futboleiros, surfeiros, ecoloxistas, ratas de biblioteca, melómanos, cinéfilos, deportistas, radioaficionados, activistas políticos** etc.

E DESPOIS

Suxerímoslle que lles diga aos seus alumnos que, agora que son capaces de facer un retrato dos colectivos máis característicos da sociedade actual, poden escribir, en parellas, un texto sobre o colectivo que eles prefiran, pero sen revelar de cal se trata. En canto remataren, recolla os textos e léveos para corrixir. Cando llelos devolva, pídale a un membro de cada parella que lea a súa redacción en voz alta e anime os demais estudantes a pescudaren de que colectivo se fala en cada caso. Ademais, poderán dicir se están ou non de acordo coa descrición presentada, engadir a información que lles parecer necesaria e corrixir a que consideraren incorrecta.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 109, exercicio 6.



3. CAMPO OU CIDADE?

Relacionar catro persoas cos seus respectivos testemuños. Reflexionar sobre o matiz de significado que achegan o presente e o imperfecto de subxuntivo nas frases de relativo cuxo verbo principal está en presente de indicativo ou en pospretérito. Identificar e clasificar algúns usos especiais do posesivo.

PROCEDEMENTOS

A. Preséntelles aos estudantes as catro persoas das fotografías e anímeos a que, baseándose na información ao pé da foto, fagan hipóteses sobre onde cada unha delas prefire vivir: no campo ou na cidade.

Logo de escoitar as súas suxestións, coméntelles que nos textos seguintes estas persoas falan do seu tipo de vivenda ideal. Pídalles que os lean e que, despois, relacionen cada personaxe co seu testemuño. Cando remataren, faga unha posta en común, na que todos deberán comentar en que se basearon para decidilo.

Solución

1. Rafael Barros
2. Inma e Alexandre
3. Ánxela Andrade
4. Adela Mendoza

B. Pídalles que se fixen agora nas combinacións que fan as formas verbais destacadas en grosa en cada texto. A

seguir, pregúntelles por que cren que nalgúns casos se emprega o presente de subxuntivo (1 e 3) e, noutros (2 e 4), o imperfecto de subxuntivo. Se non contestan ou se o deixan incompleto, explíquelles que, polo xeral, o presente de subxuntivo introduce unha situación que pode chegar a cumprirse, mentres que o imperfecto de subxuntivo indica que o falante considera pouco probable, ou incluso imposible, que a acción suceda. Así, as testemuñas do ítem A que escolleron o presente de subxuntivo son máis optimistas en relación con conseguiren a súa vivenda ideal, mentres que as que se expresan co imperfecto de subxuntivo son máis pesimistas ou non cren moito na posibilidade de logralo.

Antes de pasar ao ítem seguinte, remita os seus alumnos á epígrafe “Correlación temporal nas construcións relativas” da sección de gramática, na páxina 69, e repase con eles o seu contido, para o que pode facilitarlles máis exemplos se o considera necesario.

C. Agora pregúntelles como describirían a súa vivenda ideal, para o que terán que escribir un pequeno texto, similar aos que acaban de ler, empregando as estruturas relativas. De poder ser, déalle medio folio a cada un e indíquelles que non escriban o seu nome. Cando remataren, recolla todos os textos e vólvaos repartir, de xeito que ninguén reciba o propio. Deseguida, pídalles que lean para todo o grupo a descrición que teñan, que digan se o autor do texto lles parece unha persoa optimista ou pesimista e que, por fin, tenten adiviñar de quen se trata.

D. Remita os seus alumnos outra vez aos textos do ítem A e centre a súa atención nas formas de posesivo que aparecen subliñadas. Explíquelles que se trata de empregos especiais do posesivo e que cada un deles se relaciona cun dos significados que figuran na parte inferior (1- 6). A continuación, pídalles que, individualmente, fagan a correspondencia e, deseguida, permítalles que comparen as súas respostas coas dun compañeiro. Indíquelles tamén que comenten se xa coñecían antes algún destes empregos dos posesivos e se saben dalgún outro máis. Ao final, faga unha posta en común.

Solución

1. Posesión ou pertenza: ... *unha vivenda de meu*.
2. Distribución: ... *cadanseu cuarto*.
3. A miña familia: ... *pasar máis tempo cos meus*.
4. Feitos ou trasnadas que fai unha persoa: ... *facendo das súas*...
5. Calidade que se ten por natureza: ... *é algo de meu*.
6. Gustos ou afeccións: ... *dándolle conversa á xente non é o meu*.

Para rematar, diríxaos á sección de gramática, páxina 69, e pídalles que lean a epígrafe “Usos especiais dos posesivos”. Aclare as dúbidas que poidan ter e pídalles

que mencionen polo menos un exemplo máis de cada caso, para comprobar que o entenderon.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 108, exercicio 1.

4. UN TRABALLO QUE...

Reflexionar sobre a correlación dos tempos verbais nas frases de relativo.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Explíquelles aos seus alumnos que, na actividade anterior, se concentraron basicamente na correlación entre tempos verbais en construcións de relativo nas que o verbo da oración principal estaba no pospretérito. Dígalles que agora verán correlacións con outros tempos verbais.

Na conversión das frases en relato, do ítem B, dáse tamén a transferencia do discurso directo ao indirecto. Préstelles atención ás súas producións, para que fagan adecuadamente todos os cambios necesarios.

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles aos estudantes que nesta actividade van empregar o discurso indirecto ou referido para converter unha oración expresada nunha frase de relativo nunha especie de relato. Pídalles que lean o que di Xenaro e, posteriormente, a frase marcada cunha frecha vermella. Pregúntelles en que caso se fala do presente e en cal do pasado. A continuación, pídalles que identifiquen os tempos verbais empregados nas dúas frases e anímeos a que descubran as mudanzas que ocorren. Suxíralles que o comenten en parellas.

Despois, remítaos á epígrafe “Correlación temporal nas construcións relativas” da sección de gramática, na páxina 69. Fágalles notar que se o verbo da oración principal está en presente de indicativo, o da subordinada pode aparecer en indicativo ou en subxuntivo, dependendo do que queiramos dicir. Por outra banda, cando o verbo da oración principal está en pasado, emprégase o imperfecto de subxuntivo na oración relativa, no caso de que o referente sexa descoñecido, e o copretérito, cando o referente é coñecido (por exemplo, na oración: **Procuraba alguén que vivise/vivía alí**).

B. Agora, indíquelles aos seus alumnos que transformen as frases en pequenos relatos e que, despois, lles engadan un final, coma no modelo da epígrafe A. Dígalles que o deberán facer individualmente e, mentres, pasee pola aula resolvendo as súas posibles dúbidas.

Cando remataren, permítalles que comparen os seus relatos en parellas e, logo, faga unha posta en común.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 109, exercicio 4.



5. UNHA PALABRA QUE...

Escoller palabras que definan unha serie de situacións e xustificalo.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Para o desenvolvemento desta actividade, sería interesante que houbera á disposición dos estudantes algúns exemplares de dicionarios bilingües e/ou monolingües.

Se traballa cun elevado número de alumnos, recomendámoslle que fagan o ítem A en parellas ou mesmo en grupos de tres.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado **palabra** e pregúntelles aos estudantes que é ou que significa para eles este concepto. escoite as súas respostas e, de ser necesario, complete a definición cunha das que ofrecen os dicionarios: **un elemento lingüístico significativo que expresa unha idea e constitúe unha unidade semántica autónoma.**

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos seus alumnos que pensen en palabras que sirvan para distintas cousas e que logo lles regalarán aos compañeiros da clase. Trátase dun agasallo exclusivo para cada un, polo que deberán escoller a palabra máis axeitada en cada caso.

Explíquelles que, cando fagan a entrega dos regalos, deberán dicirlles aos regalados a intención ou a finalidade do regalo que fan. Centre a súa atención nos obxectivos que se ofrecen na actividade (**para definir o teu xeito de vivir...**) e coméntelles que poderán engadir outros máis se o desexaren. Se observar que alguén non ten claro o que ten que facer, ilústreo, por exemplo, coa frase:

María, regáloche a palabra “sorte”, para que todo che vaia ben no teu novo traballo.

Déalles tempo abondo para que fagan a tarefa e, cando terminaren, faga unha posta en común na que todos lles dean aos demais compañeiros os seus respectivos regalos, facendo as debidas xustificacións. A estas alturas, é probable que saiban distribuír correctamente os modos indicativo, subxuntivo e infinitivo, segundo as funcións, pero, se presentan confusións nas súas intervencións, faga as correccións pertinentes.

B. Explíquelles que agora van pensar nas palabras que lles suxiren determinados conceptos ou situacións. Remítaos á táboa que se proporciona e pídalles que a cubran individualmente coas palabras que se piden.

Anímeos a que consulten no dicionario os termos que queiran e déixelles o tempo necesario.

C. Agora convide os seus alumnos a compartiren con todos os demais as palabras que escolleron. En vez de que cada un diga todas as súas palabras para todos os casos, modere a posta en común de xeito que todos digan a súa palabra por queda de finalidade. Por exemplo, mentres non se coñezan as palabras que definen a todos os estudantes, non se lles pregunta sobre as que definen o que senten polo galego...

Dirixa a atención dos estudantes á mostra de lingua e indíquelles que tamén deberán achegar algunha explicación sobre a elección da palabra en cada caso. Dea por rematada a tarefa cando se coñezan todas as palabras.

D. Anímeos agora a que escollan entre todos as palabras máis importantes ou as que máis lles gusten. Poden facelo por distintos criterios: **pola sonoridade** (as máis agradables ao oído...), **pola súa forma gráfica** (a imaxe que forman...), **pola frecuencia de aparición ao longo da actividade...**

E DESPOIS

Se lle parecer conveniente, déalles aos seus alumnos un folio ou unha cartolina e anímeos a que escriban a listaxe das palabras que escolleron no ítem D para colgala logo nunha das paredes da aula. O encabezado da folla pode ser, por exemplo: **As nosas palabras preferidas en galego.**

6. PARAÍDOS NA TERRA

Ler tres textos sobre paraísos na terra e opinar sobre eles. Diseñar un paraíso onde vivir.

ANTES DE COMEZAR

Anote no encerado os nomes dos tres colectivos: urbanitas, habitantes da globosfera e okupas neorrurais. A continuación, pregúntelles aos seus alumnos como imaxinan os seus integrantes e a que se dedican.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos estudantes que os textos seguintes tratarán de explicar como son os integrantes destes grupos e de describir o paraíso no que viven. Pídalles que os lean para decidir se se senten identificados con algún dos colectivos e se cren que poderían vivir así e por que. Despois da lectura individual, anímeos a que comparen as súas opinións en grupos de tres e faga logo unha posta en común. Se o considerar conveniente, tamén os pode invitar a que pensen nun lema para cada colectivo.

B. Recórdelles que a tarefa final desta unidade é deseñar un paraíso alternativo. Primeiro, indíquelles que, en grupos de tres, deberán escoller un posible

lugar e definir algunhas das súas características. Para iso, pídalles que cubran a grella que se ofrece e anímeos a que engadan os datos que lles pareceren axeitados.

C. Coméntelles que deberán definir o perfil dos habitantes dese lugar imaxinario con relación aos parámetros que figuran nas liñas verdes. Igualmente, se desexaren modificar ou engadir algún máis, poden facelo.

D. Indíquelles que cada grupo terá que nomear un voceiro que lle presente o seu respectivo paraíso ao resto da clase. Se non hai un voluntario, poderán elixilo por votación.

E. Agora, pídalles aos equipos que elaboren un anuncio sobre o seu paraíso para unha campaña turística. Recórdelles que deberán facer fincapé en todos os aspectos positivos, para tentaren convencer os compañeiros de que o visiten nas vacacións.



7. OPINIÓNS DUN ARQUITECTO

Ler unha entrevista ao arquitecto e urbanista César Portela e comentar as súas opinións.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

De poder ser, leve á clase algunhas fotos de obras arquitectónicas modernas e emblemáticas galegas, sacadas de postais ou revistas de arquitectura, coa respectiva información sobre a súa localización, a data de construción e o nome do arquitecto que as proxectou.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes se coñecen algunha edificación galega importante en canto ao seu estilo ou a algún aspecto destacable da súa arquitectura. Outra forma de inicialos no tema é preguntarllas que lles parece o estilo predominante nas edificacións que coñecen en Galicia, se hai algún que lles guste especialmente ou que lles chame máis a atención e por que.

Asemade, interétese por saber que opinan da profesión de arquitecto, se teñen claro o que fan exactamente estes profesionais (**deseñan os planos e dirixen a construción dunha edificación, sexa vivenda, edificio administrativo, ponte, monumento...**). Logo, pregúntelles se saben a que se dedica un urbanista. Se non son quen de dar unha resposta clara, dígalles

vostede que se trata dun profesional que **estuda a disposición dos edificios e das rúas dunha cidade, tendo en conta as súas necesidades e unha serie de normas estéticas, científicas e administrativas.**

Se hai algún arquitecto e/ou urbanista na clase, anime os demais estudantes a lle faceren preguntas sobre o seu traballo, como por exemplo: **Que responsabilidades tes? Que che parece máis difícil? De que outros profesionais dependes?**... Non obstante, se non conta coa presenza de ningún deles na aula, fágalles vostede as preguntas aos estudantes e anímeos a que fagan hipóteses sobre as posibles respostas.

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles aos seus alumnos que van ler unha entrevista a un arquitecto galego. Preséntelles a César Portela, que aparece na fotografía, e explíquelles que, amais de falar dalgúns dos seus proxectos de traballo, na entrevista tamén opina sobre algúns conceptos importantes, non só no ámbito da arquitectura, senón tamén de interese para o benestar común.

Convídeos agora a que lean a entrevista e indíquelles que, ademais das dúbidas de léxico, marquen no texto as ideas ou as opinións do entrevistado que lles chamen máis a atención, para logo comentalas cos compañeiros. A seguir, pídalles que fagan a lectura individual. Cando remataren, dispóñase a aclarar as dúbidas de léxico que poidan xurdir e, logo, agrúpeos en parellas e dígalles que comenten co compañeiro o que lles pareceron as opinións do arquitecto e o que lles chamou máis a atención.

Déixelles tempo suficiente e propoña logo unha posta en común, na que vostede debe moderar para que cada parella comente brevemente os temas que discutiron e que opinan os dous en cada caso. Tente que se limiten a comentalo e non os incite a un debate, xa que llo propoñemos ao remate da actividade, na epígrafe “E despois”.

B. Se traballa cun alumnado de fóra de Galicia, pregúntelles como se dan os fenómenos dos que fala Portela no seu lugar de orixe. Se non se fixo na actividade anterior, anímeos a que comenten, por exemplo, se alí tamén son válidas as seguintes afirmacións:

- **As prazas son a esencia da cidade.**
- **Vas ao campo e nas árbores hai froitas que ninguén colle.**
- **A metade da costa está degradada.**

Pode aproveitar, ademais, para preguntarllas se hai algunha característica na arquitectura que destaca ou que comparacións pode facer co estilo predominante en Galicia. Se dispón de fotos de edificios ou monumentos galegos, distribúallelas para que as poidan comentar e facer as debidas comparacións.

E DESPOIS

Se os seus alumnos mostraron interese polo tema, fomenta un debate sobre algúns dos temas comentados por Portela, como por exemplo:

- a **igualdade social**;
- a **sustentabilidade (que neste contexto tamén se aproxima á solidariedade ou á colaboración)**;
- o **carácter irreversible da degradación da costa Galega**.

Por outra banda, se cre que lles pode resultar máis sinxelo partiren das afirmacións do arquitecto, pode darlles unha fotocopia da **ficha 15**, na que se recollen algunhas frases da entrevista. Así poderán dicir se están a favor ou en contra da opinión do entrevistado en cada caso e argumentarán a súa postura.

En calquera dos casos, cando prepararen as súas intervencións, recórdelles a importancia do emprego dos conectores correctos para expresaren o seu punto de vista, defenderen ou rexeitaren unha determinada postura e presentaren os seus argumentos. Logo, modere o debate para que todos participen e déao por rematado cando se esgotaren as afirmacións ou o tempo dispoñible.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 109, exercicio 5.

